

Combater a ideoloxía de “España como nación única” e restaurar o lugar na historia da Galicia medieval foi o obxectivo de Camilo Nogueira ao publicar, no 2001, o seu libro *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. O político nacionalista afonda nesas mesmas cuestións nas súas dúas últimas obras, *A rota do sol* (Laiovento) e *Para unha crítica do españolismo* (Xerais). Explicouno nunha recente presentación en Santiago deste último ensaio: “A historia oficial de España está fundamentada na negación de Galicia como reino independente”. E este é, ademais, ao seu ver, un dos alcerces principais da lexitimación política da concepción da “nación única” española.

Calquera debate sobre a renovación da estrutura territorial do Estado español está condicionado pola idea de España que, de fondo, cada quen asuma. Nas diferentes interpretacións historiográficas sitúase, así, un dos fundamentos da controversia. “Para unha boa parte da opinión pública española, e sobre todo para o nacionalismo conservador español, España é un produto dunha historia común dende polo menos os Reis Católicos, senón desde antes (a Hispania romana, os visigodos). Aí seguen vixentes moitos dos mitos historicistas do nacionalismo español do XIX”, explica o historiador e profesor Xosé Manuel Núñez Seixas.

Camilo Nogueira revisa en *Para unha crítica do españolismo* a perspectiva achegada arredor do tema por diferentes expertos. Menéndez Pidal ou Modesto Lafuente exemplificarían, ao seu ver, unha “ideoloxía historiográfica españolista” que deixaría as súas pegadas no tempo constitucional. Así, asegura, “a *Historia de España* dirixida por Javier Tusell defende a idea de-



R. Menéndez Pidal durante a rodaxe de “El Cid.”

Un dos fundamentos da controversia reside nas diferentes interpretacións historiográficas

terminista de España sobre a base de Castela”, do mesmo xeito que Santos Juliá “non cuestiona a idea de España como nación única”. Contrapón ópticas coma estas coas de autores críticos co “españolismo historiográfico” como Carlos Taibo, Ramón López Facal, Justo Beramendi ou o propio Núñez Seixas.

A evolución histórica conduciu, en calquera ca-

so, a un “Estado plurinacional, en maior ou menor medida, como Canadá, Bélxica ou Gran Bretaña”, sinala Seixas. “O Estado das Autonomías”, engade, “só de maneira moi indirecta (recoñecemento de “nacionalidades e rexións”, sen máis detalle), reconece simbolicamente esa plurinacionalidade. É un Estado descentralizado, con niveis de descentralización superiores na práctica a moitos Estados federais, mais no que non hai elementos de recoñecemento efectivo das diferenzas nacionais (asimetría), nin tampouco mecanismos de cooperación horizontal propios dos Estados federais, por exemplo, corresponsabilidade financeira”.

Unha visión contraria á de Seixas sostena o profesor de Dereito Constitucional Carlos Ruiz Miguel, para quen o problema da organización territorial do Estado reside, desde o punto de vista político, no “nacionalismo separatista”; a nivel

organizativo na “duplicidade de órganos, pois as Comunidades Autónomas crearon órganos novos semellantes aos que xa existían, como o defensor do pobo” e, do lado funcional, na “descentralización do que non era razoable descentralizar, como a xustiza, a sanidade ou a educación”.

Non existen, afirma Seixas, “solucións ideais”, mais “talvez un modelo federal asimétrico, con claros elementos de recoñecemento da personalidade nacional dalgúns territorios”, podería ser unha boa opción. Neste sentido, hai autores que defenden que, de facto, a forma federal é xa unha realidade. Así o di o profesor de Dereito Constitucional Roberto Blanco Valdés no seu libro *La Constitución de 1978*: “o Estado español é desde hai anos”, a consecuencia do desenvolvemento do modelo autonómico, “un Estado federal”.



O político nacionalista Camilo Nogueira.

Identidades plurais

Alternativas arredor da idea de España

MONTSE DOPICO

A opinión do politólogo e profesor Ramón Maiz é confluente coa de Blanco Valdés. Nun estudo do 2002, que asina con Pablo Beramendi e Mireia Grau, conclúe que o Estado autonómico seguiu “un proceso de federalización” aínda “incompleto”, que evidencia carencias en canto a “institucionalización do goberno compartido”. Ruiz Miguel retruca, pola súa banda, que o Estado español pode ser federal no seu funcionamento, pero non nos seus principios e estrutura normativa “Por exemplo” —di—, “na orixe da Constitución, pois en España a

fonte do Estado é unha vontade unitaria”, e non “varias entidades cunha soberanía preexistente”.

Desde unha óptica oposta, o profesor Xavier Vilhar propón nun

Os niveis de federalismo

libro editado por Laiovento unha “remodelación federal-confederal” con trazos asimétricos e recoñecemento do dereito de autodeterminación, de xeito que as na-

cións periféricas teñan a posibilidade de pronunciarse pola independencia.

No Dereito Internacional, a análise sobre o dereito de autodeterminación está moi lonxe de ser unánime, pero unha das interpretacións máis favorables é a de J.A. de Obieta Chabaud. Os dereitos de secesión ou de separación non se prohiben —aceptáronse no caso de Eritrea ou nesoutro de Montenegro, por exemplo—, pero tampouco se garanten sen condicións, porque tamén se protexe a integridade territorial do Estado.